Colexio Oficial de
Enxeñeiros Técnicos Industriais
de A Coruña

A Coruña, 31 de outubro de 2024
Circular: 019/2024

ASISTENCIA PERICIAL
Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Tal como se informou no seu momento, con data de 20 de maio de 2013, o CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. asinou Convenio con a, entón, CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA sintetizado na elaboración anual dunha Listaxe única de ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS para actuaren como Expertos Periciais en intervencións de prestación de asesoramento e ditame en procesos penais na contorna do dereito a asistencia xurídica gratuita cando así se acorde de oficio por xuiz ou tribunal.

A esta Listaxe incorporaránse de xeito voluntario os EE.TT.II. rexistrados nos Colexios de Galicia, debendo reunir determinados requisitos que se explicitan no Convenio.

De tal xeito, COETICOR®, a medio de esta comunicación, emite oficialmente a convocatoria 2025, con obxecto de que os interesados que acrediten o cumprimento das exixencias e obrigas que estipula o convenio, podan faceren sua inscrición.

Xúntase solicitude de incorporación a esta Listaxe que, debidamente cuberta e acompañada da Ficha de dados, remeteráse antes do 12 de novembro de 2024, data na que se fechará a recepción de solicitudes.

A XUNTA DE GOBERNO.

Anexo: *PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.*

Colexio Oficial de
Enxeñeiros Técnicos Industriais
de A Coruña

EXPERTOS PERICIALES 2025
PROTOCOLO CPAPEX - CGETI

Nº Colexiado:

Nome e Apelidos

Enderezo postal

Teléfono/s:

E.mail:

_____@coeticor.net

Áreas de coñecemento:

Área de actuación preferente (***marcar unha***)

Centro	**A Coruña**	
Oeste	**Carballo**	
Norte	**Ferrol**	
Sur	**Santiago de C.**	

AENOR GESTIÓN DE LA CALIDAD ISO 9001 0914/2001 IQNET RECOGNIZED CERTIFICATION AENOR GESTIÓN AMBIENTAL ISO 14001 0433/2002

Por medio deste documento comunico de xeito fidedigno a miña disposición a figurar na Listaxe de expertos periciais mantida polo CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. en aplicación das cláusulas do Protocolo de Colaboración con a CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA para asistencia pericial á Administración de Xustiza, nas áreas de coñecimento da Enxeñaria Técnica Industrial, para o cal acompaño o pertinente formulario cos dados requeridos.

A tal fin, manifesto ter sido informado, e coñezo o texto de dito protocolo e certifico explícitamente, no seu caso con acompañamento de documentación acreditativa, o cumprimento dos requisitos expostos nas Cláusulas 4ª a 9ª do mesmo, en especial:

- ***Pertenza ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña.***
- ***Antigüidade mínima de tres anos no desempeño da miña Profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.***
- ***Ter recibido formación específica como experto pericial de parte de COETICOR ou de outro Colexio integrado no CGETI.***
- ***Ter realizado cursos de especialización na avaliación e peritaxe das áreas tecnolóxicas nas que solicito participar.***

Outorgo a miña expresa conformidade para que os datos que facilito para esta inscrición se comuniquen a dita Conselleria por pedimento de esta, e a divulgación por calquera medio en todos os ámbitos vencellados aos fins desta Listaxe.

Asimismo, declaro o meu compromiso de cumprir coas ordinarias e xerais obrigas fiscais, tributarias e sociais que, como mínimo consisten en acharse de alta no IAE para ITIs, no Seguro de R.C. e no RETA (ou alternativa MUPITI), pertencer ou ser titular de Empresa cuxo obxecto social inclúa esta atividade profisional e, no seu caso, aquelas outras obrigas que se deriven do exercicio desta atividade económica en calquera das súas alternativas.

A Coruña, a ___ de _____ de 2024.

Asdo.: D. _____.

Enxeñeiro Técnico Industrial

Colexiado Coeticor nº _____.

- ***Sr. Presidente do Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais***